

## PROTOCOLO PARA O USO DOS TELÉFONOS MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NO CENTRO

### 1. Xustificación

Nos últimos anos incrementouse considerablemente o uso dos dispositivos electrónicos, estando cada vez máis presentes na nosa sociedade. Se ben está demostrado que o bo uso das tecnoloxías dixitais favorece a aprendizaxe e pode mellorar o rendemento académico do alumnado, a Sociedade Española de Pediatría advirte que o seu uso abusivo e indiscriminado afecta á saúde física, mental, sexual e social, así coma ao neurodesenvolvemento e á aprendizaxe dos menores.

Tendo en conta isto, faise necesario que toda a comunidade educativa, familias incluídas, colaborem e nos impliquemos:

- No establecemento de normas e límites no uso dos dispositivos electrónicos co fin de mellorar a súa capacidade de concentración durante o estudo e garantir un número adecuado de horas de sono.
- Na concienciación dos nenos, nenas e adolescentes no uso seguro e responsable dos teléfonos móbiles e outros dispositivos, co fin de velar pola súa seguridade e integridade e previr situacións de difamación e ciberacoso.

Seguindo as instrucións da *Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades*, o Consello Escolar do IES Carlos Casares aproba o 18 de xaneiro do 2024 o protocolo, redactado polo grupo de Convivencia e presentado en Claustro, que recolle as normas de uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos no centro. O obxecto deste protocolo é a implantación de boas prácticas no uso dos móbiles e establecer as pautas de actuación e intervención precisas para garantir unha boa convivencia e minimizar os impactos negativos derivados do seu emprego abusivo no benestar físico, mental, emocional e social do alumnado.

## 2. Normas de uso do teléfono móbil e dispositivos electrónicos no centro

1. De acordo co **punto 2** do protocolo aprobado na Orde do 4 de xaneiro de 2024, **está prohibido o uso por parte do alumnado de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante toda a xornada escolar**, salvo que o persoal docente indique ou autorice o contrario, e sempre con fins didácticos.

Enténdese por xornada escolar os períodos lectivos e os non lectivos, incluíndose así as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares (saídas organizadas polo centro).

2. En caso de **levar o móbil ou outros dispositivos electrónicos ao centro, estes deberán estar sempre gardados, non visibles e en silencio mentres dure a xornada escolar.**

**Exceptuarase** desta restrición o emprego dos dispositivos por **cuestións médicas** ou doutra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado e **sexa autorizado pola Dirección do centro** ou, de non ser isto posible, polo **profesorado**.

3. O uso do teléfono móbil **só estará permitido ao alumnado cando un profesor o demande expresamente con fins pedagóxicos**. Neses casos, enviarase ás familias unha comunicación a través dunha circular ou pola aplicación Abalar para informalas da data en que será preciso que o alumnado traia o teléfono ou dispositivo electrónico.
4. Estas normas son estensibles ao emprego de calquera dispositivo electrónico (teléfono móbil, reloxo intelixente, tablet, auriculares, portátil...).
5. Dado que o uso do móbil está prohibido, **as familias non deben comunicarse cos seus fillos/as a través do móbil persoal durante o horario escolar**. En caso de precisar comunicarse urxentemente con eles deberán chamar aos seguintes teléfonos do centro educativo: **886 120 429** ou **886 429 430**.

### 3. Actuacións que se levarán a cabo en caso de que se incumpra a norma:

1. No momento que un **estudante sexa visto** utilizando un dispositivo electrónico sen autorización expresa do docente, este será requisado. Para iso, o profesorado pediralle ao estudante que o apague e o meta nun sobre que será identificado co seu nome e entregado en custodia en dirección. O dispositivo electrónico será devolto ao estudante ao final da xornada lectiva e avisarase á familia a través da aplicación Abalar ou, no seu defecto, dun parte escrito. Tal feito terá a consideración de **falta leve**.
2. A negativa á entrega en custodia do dispositivo electrónico por uso inapropiado ao profesorado que así o requira suporá **unha falta de orde grave** que será comunicada ás familias a través da aplicación Abalar ou, no seu defecto, a través dun parte escrito, e ao equipo directivo para a aplicación da medida correctora correspondente.
3. A acumulación de **3 faltas leves suporá unha falta grave** e a sanción correspondente, que será proposta pola Dirección do centro.

Lembramos que, tal e como establece o **artigo 11.3 da Lei 4/2011**, “O profesorado está facultado para requerir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na Dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder”.

|